

PLAN DE CONVIVENCIA.

1.-XUSTIFICACIÓN

Os centros educativos son un reflexo do que acontece na nosa sociedade polo que **cremos** que unha escola onde conviven persoas de diferentes razas, costumes e culturas, é unha escola que oferta a marabillosa posibilidade de criar xuntos futuros adultos dunha sociedade que está destinada a ser **pluricultural**.

Mais a convivencia non é unicamente compartir un espazo físico senón tamén **respectar as diferenzas e loitar pola igualdade**. Iso é necesario ensinalo, no ámbito familiar SEMPRE pero tamén os centros educativos teñen unha gran responsabilidade nese sentido.

No noso centro desde que empezou a funcionar no ano 1980 conviviron desde sempre nenas e nenos de distintas culturas. A educación en valores traballábase de forma puntual e baixo a dirección de persoas que crían na necesidade de atender esa parte da educación moitas veces olvidada.

Hai uns anos comezaron a escolarizarse cada vez máis alumnas e alumnos de distintas nacionalidades o que fixo que se incrementase o número de culturas que conviven nel.

Iso temos que velo como un privilexio, xa que nós pensamos que a diversidade é enriquecemento para todo o alumnado, en definitiva, **calidade educativa**.

De aí, que ante esta gran diversidade cultural nos vimos na necesidade de empezar a traballar transformando o noso centro e convertindo en **cultura de centro** a educación en valores como a **convivencia e interculturalidade**.

Creemos que a base da educación está na **formación para a vida**, por elo co noso traballo tratamos de concienciar a toda a comunidade educativa da necesidade de presentar **a interculturalidade, a convivencia e o respecto pola diferenzas** como valores que reflexan o mundo que os nosos nenos e nenas se van a encontrar máis alá das aulas.

Moitas veces, por desgracia, a reacción que ten a sociedade ante a **diversidade do alumnado**, nun centro educativo como o noso, é negativa. Hai unha crenza xeralizada de que os centros que presentan esta realidade non ofrecen a mesma calidade educativa que calquera outro centro. Nós temos que demostrar co noso traballo que estamos no camiño correcto e que esta é a educación do futuro, dos futuros cidadáns.

Estamos convencidos de que a educación en valores nos fai a todos e todas máis solidarios, máis tolerantes, máis comprensivos, máis respetuosos, máis justos, máis felices, en definitiva mellores persoas ”

2.- SITUACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O centro de Educación Infantil e Primaria San Xoán de Filgueira é un colexio público situado nunha zona suburbana na que o número de bloques de pisos é pequeno e a maioría das vivendas son de tipo unifamiliar con terreos de cultivo, de feito que o recinto escolar está rodeado de hortas. Tamén existen 4 asentamentos xitanos na área de influencia do centro.

O centro acolle un alumnado moi variado e pluricultural: sobre un 29% de alumnado de etnia xitana e un 12% de alumnado procedente do estranxeiro do que se falará no seguinte epígrafe.

O nivel socioeconómico e cultural dunha parte importante no noso alumnado é baixo.

O colexio ocupa un espazo privilexiado no que arredor dun 80% é zona verde. Isto supón unhas aulas rodeadas de árbores e vexetación variada.

Todas as nenas e nenos do noso Colexio participarán neste proxecto de educación en valores para a convivencia e interculturalidade tendo en conta que estes non son máis que partes do grande proxecto de formación integral das nosas alumnas e alumnos e do que consecuentemente **ninguén pode quedar excluído**. E por extensión tentando de levar as familias e ao barrio as inquiredanzas xeradas desde o Colexio, vendo o Colexio tamén como un centro referencial onde hai problemas e solucións particulares pero tamén moitos outros de carácter universal (igualdade, tolerancia, paz, dereitos humanos e...) Temos que apostar pola integración de **toda a comunidade educativa** na formación, consecución e logre destes valores. Doutro xeito sería unha tarefa eivada xa que só tería repercusión na inmediatez temporal e física do ámbito escolar. Todo o alumnado, todo o profesorado, toda a comunidade educativa (pais e nais, Anpa, persoal non docente...) e tamén contando como noutras ocasións coas Asociacións de Veciños e entidades Culturais. A colaboración para a realización do proxecto prestaron xa o seu entusiasmo a ANPA e as AA.VV .

Neste mesmo senso son obxectivos do Departamento de Orientación e do centro fomentar no alumnado o desenvolvemento de actitudes positivas e participativas no seu contorno sociocultural e nun contexto de diversidade multicultural e pluriétnica.

3.-ANTECEDENTES E EXPERIENCIA DO CENTRO NA SÚA PARTICIPACIÓN NOUTROS PROGRAMAS E /OU ACTIVIDADES DE FORMACIÓN RELACIONADOS COS PROXECTOS DE EDUCACIÓN EN VALORES.

O centro participou durante 4 anos nun programa Europeo:Sócrates-Comenius1. “Treecology: Raíces na Terra” con outras escolas: unha checa, unha italiana e unha canaria.

O obxectivo era o estudo dun ecosistema da zona (as Fragas do Eume) e o estudo do centro dende un punto de vista sociocultural e medioambiental.

Dende hai 8 anos aparece na PXA do noso centro o traballo a realizar dende a Aula da Natureza planificando actividades, experiencias e saídas relacionadas co medio ambiente sempre en colaboración coa ANPA e asociacións da zona (ADEGA, Sociedade Galega de Historia Natural).

O curso académico 2006/07 iniciamos a nosa andaina dentro do Valora co proxecto **“Un colexio, un xardín, unha fraga, cheos de vida, paz e futuro en igualdade”**, para educar ás nosas nenas e nenos nos valores de igualdade e tolerancia a través do coidado polo medio ambiente como un ben a disfrutar agora, mais tamén a coidar cara ao futuro. Nos cursos académicos 2007/2008 e 2008/2009 continuamos co noso proxecto Valora titulado “Un mundo na escola. Entre todas entre todos”, onde proseguimos a labor iniciada o curso anterior pero dándolle un enfoque distinto. Convertimos a educación en valores, como a convivencia e interculturalidade, na nosa filosofía e cultura de centro e este proxecto foi a materialización da mesma ante a necesidade de dar resposta á diversidade de culturas e etnias que están escolarizadas no noso centro educativo. Este proxecto nítrese doutros proxectos que se levan a cabo desde distintas áreas e equipos do centro (proxecto da aula da natureza, proxecto da biblioteca escolar, proxecto da área de E.F., departamento de orientación, equipos de ciclo...) converténdose no eixe vertebrador de todas as actividades do centro. Na actualidade continuamos traballando coa mesma filosofía utilizando centros de interés diferentes para darlles enfoques distintos pero cos mesmos obxectivos: 2009-2010 “Un paseo pola arte”; 2010-2011 “Unha canción unha festa”, 2012-2013 “ San Xoán de Película”.

Algunhas das conclusións, logros e incidencias as que chegamos en relación a estes proxectos son as seguintes:

1. O Plan Valora foi un punto de encontro para o debate entre o profesorado: permitiu a reflexión e afondamento sobre a realidade que é a diversidade cultural e racial no mundo global actual e en particular nas nosas escolas.
O Plan Valora foi ocasión para o debate e así concluír que a interculturalidade é un valor, desbotando actitudes de rexeitamento ou xenofobia. Todos os nenos e nenas teñen dereito á escolarización sen discriminación de ningún tipo.
2. Concluímos a necesidade de continuar na formación sobre interculturalidade e convivencia. Vimos a necesidade de coñecer para educar mellor.
3. Concluímos que o noso é un colexio de valores (paz,tolerancia, igualdade, solidariedade, ...) onde o noso alumnado convive harmonicamente. Isto non é casual, senón froito do traballo consciente do profesorado.
4. Concluímos que é imprescindible continuar coa política educativa de apoios e atencións á diversidade. Moito máis no noso colexio onde temos alumnado xitano e estranxeiro. Calquera redución de profesorado e de recursos levará a un retroceso na integración do alumnado e consecuentemente en acadar o obxectivos do Plan de Convivencia.
5. As administracións educativas han de ser garantes de que a diversidade e interculturalidade sexa posible nos nosos centros poñendo os recursos necesarios.
6. Sen estes recursos o Plan de convivencia caería no voluntarismo e os proxectos motivadores en decepcións.
7. Concluímos que é necesario a intervención das Administracións Municipais (Servizos Sociais) que leven o Plan de convivencia máis alá da escola, actuando coas familias.
8. Concluímos que a diversidade debe de presentarse como un ben a toda a comunidade educativa, tentando achegar diversidade culturais que leven ao coñecemento mutuo e superen temores ancestrais.
9. Concluímos que temos que continuar co achegamento ás familias. As charlas, conferencias e obradoiros serviron dun primeiro encontro a continuar en próximos cursos. É imprescindible que as familias coñezan a positiva realidade do colexio e asuman a convivencia intercultural como un valor na educación dos seus fillos/as. Hai que desbotar a idea de colexio marxinal para aqueles que acollen nenos e nenas de diversas culturas e razas. Do mesmo xeito temos que

continuar invitando, como así o fixemos, ás Asociacións veciñais a participar da idea e das actividades do Plan Valora.

10. As actividades concretas iniciais desenvolvidas desde a Aula da Natureza, seguiron afianzando no noso alumnado o comportamento democrático e tolerante cooperativo e participativo de igualdade á hora de realizar os traballos propostos.
11. Acadáronse obxectivos fundamentais en relación co medio ambiente e a contorna que rodea o colexio, coidando e amando ás nosas árbores, plantas e animais. Isto reflíctese cunha visita ao noso patio, á nosa horta, ou á nosa fraga. Temos un patio cheo de vida e coidan os nenos e nenas desa vida.
12. Concluímos a necesidade de continuar co proxecto global de centro como ferramenta para o noso traballo cotiá onde traballamos a prevención con programas e actuacións que eviten que ocorran problemas de convivencia escolar.

O proxecto que imos desenvolver a continuación propón o desenvolvemento de actuacións para propiciar o comportamento respetuoso e solidario de todos os alumnos/as. Contémplase a educación en valores, programas de desenvolvemento da competencia social e procedementos para a interiorización de normas e resolución de conflitos (prevención primaria). Tamén procedementos que permitan a detección e intervención de alumnos/as “en risco de fracasar académicamente ou conductualmente” (prevención secundaria) e finalmente, programas específicos para alumnos/as que manifestan un claro problema de conducta e necesitados dunha atención especial e a intervención en situacións puntuais de crisis (abusos, agresións...) que afecten a calquera membro da comunidade educativa (prevención terciaria).

4.- OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA.

Para crear un clima de convivencia na escola seguro e acolledor para o seu alumnado e todas as persoas que forman parte da comunidade educativa, é fundamental elaborar unhas normas de actuación preventivas e lograr con elas os seguintes obxectivos

1. Establecer uns criterios de actuacións comúns de todo o profesorado
2. Favorecer a participación da C.E., potencindo un ambiente positivo no centro.
3. Fomentar o respecto e o cumprimento das normas de convivencia do centro
4. Coordinar actividades desde a biblioteca, aula na natureza, equipo de dinamización e normalización lingüística, departamento de orientación C.C.P.,

nas que participan os titores/as e que reflicten todos os valores que o noso PEC recolle e que acotío moven a vida do colexio.

5. Educar aos nosos nenos/as nos valores de paz, igualdade, tolerancia, solidariedade, cooperación, respecto, responsabilidade, compromiso persoal e colectivo, participación e democracia a través do coñecemento das distintas culturas presentes na nosa escola.
6. Recoñecer o valor doutras culturas presentes no centro como un enriquecemento para os demais.
7. Formar ao alumnado nun ambiente de igualdade e xustiza para que no futuro se contrúa unha sociedade máis xusta, equitativa e pacífica.
8. Desenvolver programas de intelixencia emocional e de competencia social dos alumnos/as de cara a resolución de conflitos e a mellora da autoestima.
9. Desenvolver obradorios para pais e outras iniciativas para propiciar a colaboración familiar e o desenvolvemento da competencia social do alumnado.
10. Desenvolver unha organización do noso centro favorable á integración de todos os seus membros, con responsabilidades igualitarias sen distincións de ningún tipo.
11. Determinar accións no currículo e a organización do centro para facer máis eficaces os procesos de ensinanza e aprendizaxe, a atención a diversidade, a xestión da aula e a acción tutorial
12. Erradicar os prexuízos sexistas no centro e calquera outro comportamento machista (Art. 10 da Lei 7/2004, do 16 de Xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes).
13. Sensibilizar á comunidade educativa nos valores que favorecen a vida en ambiente pacífico e respecto pola interculturalidade.
14. Levar a cabo proxectos conxuntos coas asociacións de veciños e outros centros educativos que por experiencias e medios faga máis doada a integración escolar e social dos nosos/as alumnos/as inmigrantes.
15. Conseguir que as actividades extraescolares organizadas e xestionadas polo Concello sexan un medio de integración e socialización do alumnado.
16. Continuar combatindo o problema do absentismo escolar desde Educación Infantil (por parte dalgunhas familias de etnia xitana) xa que é necesario incidir neste aspecto para que exista unha continuidade no proceso de aprendizaxe dos rapaces e se sintan integrados desde o principio da súa escolarización.
17. Acordar e desenvolver medidas e programas para a detección, apoio e reforzo de alumnos con baixo rendemento académico e problemas de conducta e aprendizaxe e alumnos de risco social.

18. Elaborar e aplicar programas individuais de intervención ante problemas de conducta coa colaboración da familia e dos servizos e entidades pertinentes.
19. Establecer e seguir protocolos de actuación en “situacións de crisis” (acoso escolar, agresións a membros da comunidade, abusos detectados no centro...).
20. Intercambiar e difundir materiais e experiencias de convivencia a través da nosa páxina web.
21. Difundir experiencias e materiais interculturais a través das TICs.
22. Sistematizar actividades encaminadas a mellorar as actividades de grupo, de centro, de patio e extraescolares.

A través dos obxectivos anteriores pretendemos conseguir:

- Mellorar o nivel de convivencia xeral de toda a comunidade educativa.
- Previr a aparición de actos violentos dentro e fóra do centro escolar.
- Favorecer a resolución constructiva e pacífica de conflitos.
- Implicar ás familias na actividade do centro.

As áreas e equipos onde se realizarán traballos colectivos e con carácter xeral centrados na educación para a convivencia e a paz serán as seguintes:

1. Aula da Natureza
2. Biblioteca
3. Actividades complementarias e extraescolares
4. Equipo de dinamización e normalización lingüística
5. Equipo TICs
6. Departamento de Orientación
7. Comisión de Coordinación Pedagóxica.
8. Tutorías.

Os documentos onde se fundamenta e complementa este plan de convivencia son os seguintes:

- PEC (Proxecto Educativo de Centro)
- PXA (Programación xeral anual)
- NOFC (Normas de organización e funcionamento de centro)
- PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA e PAD
- PAT (Plan de acción tutorial)
- TRABALLO DE TUTORÍAS
- PROXECTO DE BIBLIOTECA
- PROXECTO DA AULA DA NATUREZA

5.- ACTIVIDADES DE CARÁCTER XERAL QUE SE REALIZAN A TRAVÉS DOS EQUIPOS.

Compartimos sorrisas. Espectáculo de 1º día de clase. Benvidos ao colexio de San Xoán. Triptico.

Setembro. Normas. A responsabilidade no coidado dun ben común. Coidamos o entorno: aula, vestíbulo e corredores.

Outubro. Emocións

Novembro. Día dos maiores AAVV. Día internacional contra a violencia machista. Vacinación.

Decembro o Consumo responsable.

Xaneiro Día da Paz

Febreiro. Entroido

Marzo día da muller traballadora.

Abril. mes do libro. Abril Día do pobo xitano. Multiculturalidade.

Maiο. Celebración dos maios na AAVV. Semana das letras Galegas

Obradoiros para familias. Os primeiros martes de cada mes. Faladoiros en San Xoán.

Xuño. Un día especial. Xornada de convivencia final de curso

Respectamos o medio natural do noso cole. Brigadas medioambientais. Todo o curso.

Coidamos dos nosos animais e do noso horto. Todo o curso

Campañas varias: Apaga luz. Aforro enerxético, o ruído contamina... Todo o curso

Titorías.

Recunchos para o diálogo.

Deporte na escola.

Recreos didácticos. Todo o curso.

6.- ACTIVIDADES ESPECÍFICAS.

ACTIVIDADES	RESPONSABLES	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN	AVALIACIÓN	MEDIDAS DO CENTRO
Identificar os factores relacionados coa ubicación do centro que poden condicionar a convivencia do centro xa sexa positiva ou negativamente.	-Equipo directivo -Consello Escolar	-PEC -NOFC -Datos actualizados sobre a poboación escolar e familias	Principio de curso	Ao longo do curso	
Analizar características o condicións do alumnado que podan constituir factores de risco para a convivencia escolar.	-Equipo Directivo -Claustro	-PEC Avaliacións do curso anterior -Tipo e número de conflitos de convivencia, medidas	Durante todo o curso	Ao longo do curso	

		adoptadas e a súa repercusión.			
Analizar as características das familias e a súa implicación do centro	-Equipo Directivo -Titores -DO	- Datos actualizados das familias: nivel sociocultural, económico e laboral. -ANPAS	Durante todo o curso	Ao longo do curso	- Setembro actualización datos a través dun documento - A través das entrevistas iniciais do alumnado de nova incorporación.
Analizar as características dos equipos docentes	- Equipo Directivo	Reunións de ciclo e de equipos	- Quincenalmente	-Actas doas reunións. - Memoria final	- Reubicación - Redistribución.
Identificar las características dos espazos distribución e uso dos mesmos e, a súa repercusión na convivencia.	-Equipo Directivo - Equipos de ciclo	- Criterios sobre las organización e distribución de espazos.	- Setembro	-Memoria final	-Aulas do Ciclo xuntos -Especialistas teñen que ir buscar aos nenos/as as aulas
Integrar dentro do horario lectivo unha sesión de tutorías co alumnado onde se tratarán temas de : emocións, autoconcepto, autocontrol, empatía, resolución de conflitos, cooperación, negociación de apoios, etc**	-Equipo directivo -Coordinadores de equipos -Titores/mestres especialistas. -DO	Actividades planificadas mensualmente polo equipo de coordinadores de equipos e DO	Durante todo o curso	Memoria fin de curso	- Adicación dun tempo do horario lectivo ao desenvolvemento das actividades.
Reunión informativa e entrega de material ao profesorado novo que se incorpora ao centro sobre formas de funcionamento, proxectos, metodoloxía, acordos, alumnado...	- Equipo Directivo	Convocatoria antes do primeiro claustro de adscrición.	Principio de curso e cada vez que se incorpore un novo profesor.	Memoria	-Axenda -Triptico -Documentos adicionais.
Establecer os puntos comúns a tratar nas reunións de principio de curso coas familias	-Equipo Directivo -DO - Equipos de ciclo	-Coordinadores de equipos e Equipo Directivo. -DO	Os martes de setembro	Actas de ciclo	-Guión elaborado para a presentación xeral e con titores.
Acordo de claustro sobre entradas e salidas ordenadas, de como baixar e subir escaleiras.	- Equipo Directivo - CCP - Claustro	-NOFC	Setembro	Reunión informativa semanal	-Control e seguimento por parte do profesorado
Control da asistencia e puntualidade.	- Profesorado - Equipo directivo	-NOFC	Todo o curso	Parte de faltas e de puntualidade elaborados polos titores.	-Envío de partes de faltas mensuais a inspección educativa e Servizos Sociais. - Quedarse ás 14:00h. Se chegan tarde. - Vir pola tarde segundo está reflectido no NOFC.

Establecer criterios sobre a limpeza das clases, patio, pasillo, reciclaxe, coidado da natureza...	- Equipo Directivo - Equipo da Aula da natureza - Profesorado - Brigadas medioambientais	- Proxecto da aula da natureza - Presentación dos contenedores mes de outubro. - Alumnado repartido en quendas para ser responsables de que os demais respectan o contorno e coiden da granxa.	Todo o curso	Seguimento do equipo da aula da natureza. Memoria final do curso	- Distribución de chalecos e establecemento de quendas. - Contar diferentes espazos do colexio con colectores de lixo separados para reciclar.
-Roteiros das normas.	-Diferentes equipos	- Reunión de coordinadores e de equipos.	- Principio de curso.	- Memoria final de curso.	- Elaboración e desenvolvemento
Ter elaborado un protocolo en caso de absentismo escolar (10% de faltas sen xustificar ao mes)	- Equipo Directivo - Profesorado	-NOFC -Protocolo de absentismo	Todo o curso	Nº de protocolos elaborados anualmente	- Envío de faltas a inspección educativa e Benestar social do Concello - Cubrir o protocolo para aquel alumnado que supero un 10% de faltas sen xustificar (segundo está regulado no NOFC)
Dispor duns taboleiros de anuncios para pais e alumnado	-Equipo Directivo	-Taboleiros de anuncios situados na entrada do centro e fóra	Todo o curso	Memoria	- Utilizalos para informar e comunicar. - Mantelos actualizados.
Xornadas de portas abertas no mes de marzo	-Equipo Directivo	-Publicidade na prensa. -Cartel informativo do centro. -Páxina web.	Mes de marzo	-Nº de persoas que viñeron a ver o centro. -Nº de alumnado matriculado	- Facer o cartel para publicitar o centro. - Actualizar a páxina web. -Informar ao diario. - Pegadas de carteis.
Relación fluída coa directiva da ANPA. Reunión semanais para recoller as suxerencias e informar ao profesorado delas.	-Equipo Directivo	-Reunión semanal para recoller suxestións.	Semanal	Memoria de actividades realizadas.	- Horario de reunións.
Reunións coas familias do alumnado que comeza E.I. para presentar o centro.	- Director/a -Orientador/a - Profesorado E.I.	-Convocatoria de reunión coas familias.	Mes de xuño	-Nº de persoas que asisten	-Publicitar as reunións e falar persoalmente coas familias. -Convocar as familias a través de cartas.
Reunións coas familias do alumnado que comeza a etapa de primaria.	- Director/a -Orientador/a - Profesorado de 1º de primaria.	-Convocatoria de reunión coas familias.	Mes de xuño	-Nº de persoas que asisten	-Publicitar as reunións e falar persoalmente con algunhas familias. - Convocar as

					familias a través dunha notificación enviada polos seus fillos.
Dispor dun plan de acollida para o novo alumnado.	-Equipo Directivo - Departamento de orientación	-Equipo directivo -PAT	Principio de curso e cando se incorpora algún alumno/a	- Memoria final	-Realización dalgunha proba polo DO de ser o caso. - Período de adaptación E.I. cando non estivera escolarizado. - Alumnado estranxeiro asigar un curso.
Dispor o profesorado dun taboleiro de anuncios na sala de profesores para intercambio de ideas, suxestións, comunicados....	-Equipo Directivo - Profesorado	-Taboleiro de anuncios	Todo o curso	-Memoria final	- Información e actualización.
“Faladoiros en San Xoán” reunións mesuais coas familias sobre temas de interese para os seus fillos/as	-Equipo Directivo -DO -ANPA	-Convocatoria a través da ANPA - Segundo o tema colaboradores externos.	Todo o curso	-Memoria final	- Seleccionar temas. A tratar. - Buscar colaboradores externos de ser o caso. - Colaboración do E.D. e D.O.
Colaborar en actividades deportivas organizadas polo centro, administración educativa, Concello e outras institucións.	-Equipo Directivo -Consellería de Educación -Concello	-Piscina municipal -Monitores -Pavillón polideportivo do centro -Outras instalacións	Todo o curso	- Memoria final	- Horario. -Buses _Coordinación do profesorado. - Organización e ubicación dos espazos para desenvolverlas.
Reunións informativas pais e titores (colectivas)	-Titores -Equipo Directivo -DO	-PAT -Normas principio de curso -Calendario escolar -Triptico	-Principio de curso. - Final de curso para os nenos/as de 4º e 6º de E.I.	-Memoria final	- Circulares de convocatoria. - Entrega de documentación do NOFC e distintos documentos se así o requiren. -Páxina web.
Potenciar xornadas de convivencia/festas/ conmemoracións de todo o centro (magosto, nadal, maíos, fin de curso, antroido)	-Comunidade educativa	-Centro e contorno - Familias	Todo o curso	- Memoria final	- Citación. - Organización. - Coordinación de actividades dos equipos e comunidade educativa.
Ter actualizado o NOFC e o plan de convivencia	-Equipo Directivo -CCP/DO -Claustro	- Decreto 4/2011 de participación e convivencia. -Control e seguimento por parte do claustro de profesores e Consello Escolar.	- Durante todo o curso.	- Memoria final.	- Reunións periódicas e revisión.
Elaboración das normas mínimas de	- Titores - Alumnado	-Asambleas - Postas en común	-Setembro/outubro - O longo do	-Memoria final - Sesións de	- Programación e organización das

convivencia da aula xunto co alumnado que permitan crear un axeitado clima de traballo na aula e as consecuencias do incumplimento das normas acordadas.	- Equipo de coordinadores/DO	-Programación titorías	curso.	avaliación.	tarefas a realizar.
Fomentar a utilización do diálogo e as oportunidades de comunicación, como estratexia xeral.	-Mestres/as -Alumnado -Equipo Directivo - Persoal non docente	-Actividades de centro e clase	Todo o curso	-Trimestral -Sesiões da avaliación	- Programación -Titorías -Recuncho para o diálogo.
Coñecemento das liñas básicas do plan de convivencia	-Titores e profesorado do centro. - Persoal non docente	- Documentación principio de curso	Todo o curso	- Trimestral	- Documentación a entregar. -Publicitalo na páxina web.
Seguimento e avaliación continua das normas de convivencia	-Titores e profesorado do centro -Equipo directivo	-Observación diaria -Partes de incidencia e faltas	Todo o curso	-Diario	- Modelo de parte de incidencias de de faltas. -Rexistros dos distintos partes. - Medidas a tomar.
Abordar ao longo do curso calquera incidencia puntual que afecte a convivencia do centro.	-Titores/profesorado - Xefatura de estudos/Dirección - DO	- Normas de convivencia do cole, das aulas, do transporte, do comedor.	-Durante todo o curso	- No momento en que sucede.	-Recuncho para o diálogo. - Aula de convivencia. - Mediadores -Protocolos de intervención.
Información aos pais/nais no caso de producirse algunha dinámica negativa nalgún grupo -clase.	-Titores/profesorado -Equipo directivo	-Equipo Directivo -DO -Comisión de convivencia	-Durante todo o curso	-Cando se produza algún incidente	-Protocolo de actuación cando no se presentan no centro. - Reunión con DO.
Recreos didácticos	- Profesorado do centro - Xefatura estudos - Especilaista de E.F.	- Materialización - Equipo directivo -Follas de préstamo. - Alumnado de 5º e 6º.	- Durante todo o curso.	- Diario -Sesiões de avaliación.	- Quendas dos responsables. - Follas de empréstamo. - Organización
- Realización de actividades para desenvolver hábitos e comportamentos sociais básicos - Realización de actividades sobre intelixencia emocional (autocontrol, emocións, coñecemento de se mesmo, autoestima...)- Lograr que en ningún xogo ou actividade se fomente claquera actitude sexista ou racista.	- Equipo Directivo - DO - Titores/profesorado - Equipo de coordinadores	- Programación de titorías - Proxecto de centro - Actividades mensuais	-Ao longo do curso	- Mensuais - Trimestral (Avaliación da práctica docente) - Memoria final de curso	- Organización e planificación das distintas actividades de titorías.
Potenciar a colaboración pais-centro, pais-titor, pais	- Equipo Directivo - DO - Titores/profesorado do centro	- Proxecto do centro - Plan de orientación	- Ao longo do curso	- Memoria final	-Faladorios de pais. -Citacións ante calquera

–orientador/a citandoos a entrevistas de maneira frecuente		- PAT			incidencia
Sinalar os criterios, normas, pautas de actuación e as consecuencias dos seu incumplimento para asegurar o control e o desenvolvemento axeitado no tempo de recreo.	- Equipo Directivo - DO - Titores/profesorado do centro	-NOFC	-Ao longo do curso	- Momento no que sucede	- Recunchos para o diálogo - Aula de convivencia - Partes - Protocolos
Establecemento de puntos de vixianza nos patios e na porta de entrada para control de escaleiras e servizos, na hora de entrada e saída e na hora do recreo.	- Equipo Directivo - DO - Titores/profesorado do centro	- PXA - NOFC -Cadro de gardas	- Ao longo de curso	- Cada vez que Sucede -CCP de seguemento da PXA - Memoria final	- Organización do profesorado e de espazos (de ser o caso) - Supervisión de que se cumpra esa vixianza
Levar a cabo actividades dos distintos equipos: A.N., EDLG, EACE, Biblioteca	- Equipo Directivo - Equipo de coordinadores -Equipos	- Programación Xeral - Programacións dos distintos equipos - Proxecto de centro	- Ao longo do curso	- Memoria final	- Organización - Recursos -Difusión de actividades para a participación das familias. - Coordinación coa ANPA
Concienciar ao alumnado e pais da importancia dunha alimentación sana.	- Equipo Directivo - DO - Titores/profesorado do centro	- PEC - PXA - Proxecto de alimentación saudable - Faladoiros en San Xoán (actividades coas familias)	- Ao longo do curso	- Memoria final	- Organización - Contacto con provedores - Reparto de alimentos por aula -Información aos pais -Recollida de pagos.

** PLANO AFECTIVO PERSOAL

- Recoñecementop das emocións propias e alleas.
- Coñecemento de si mesmo: autoconcepto, autoimaxe e autoestima. Axeitada valoración de si mesmo.
- Autocontrol ou autorregulación: das condutas que se disparan como consecuencia das distintas emocións.
- Flexibilidade ou pensamento alternativo.

PLANO AFECTIVO INTERPERSOAL

- Empatía: saber o que senten os demais, poñerse no seu lugar, sentir con eles/as, actuar con eles/as.
- Respecto e aprecio pola diversidade.
- Resolución de conflitos:
 1. Reciprocidade
 2. Colaboración
 3. Cooperación
 4. Estratexías de negociación e acordos
 5. Asertividade

6. Criterios para seleccionar a mellor solución: seguridade, eficacia. Xustiza, que sexa agradable para mín e para os outros.

7.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A formación no respecto aos principios democráticos de convivencia é un dos fins primordiais que debe perseguir o sistema educativo. Á consecución deste fin deben contribuír non só os contidos formativos de cada unha das materias do noso centro, senón tamén, moi especialmente, o noso Plan de Convivencia. As Normas de Convivencia deben propiciar que todo o alumnado obteña os mellores resultados do proceso educativo e adquiran os hábitos e actitudes considerados fundamentais no noso centro e recollidos nos obxectivos do noso Proxecto Educativo.

7.1.- Normas xerais do centro

- Respetar a dignidade, integridade e funcións do profesorado e de cantas persoas traballan no centro.
- Respetar a dignidade, integridade, liberdade e demais dereitos do alumnado.
- Acudir ao colexio en boas condicións de saúde e hixiene.
- Será de obrigado cumprimento asistir ás clases de E.F coa indumentaria proposta polos mestres/as que imparten esta materia.
- Os nenos e nenas que comecen a súa escolarización na aula de 4º de educación infantil deberán acudir desde o mes de setembro sen cueiro.
- O alumnado de Educación Infantil e Primaria deberá ser entregado polos seus pais ou persoas adultas (maiores de 18 anos) autorizadas por eles, de non ser así considérase unha falta, xa que está a incumprir a responsabilidade de garda e custodia e procederase a informar aos Servizos Sociais do Concello.
- Comunicarase a Servizos Sociais se reiteradamente as familias non asisten ao centro cando son convocadas.
- Asistir ao colexio con puntualidade. Non se permitirá o acceso ao centro fóra do horario sinalado, salvo autorización expresa da dirección do centro ou do/a mestre/a titor/a.
- As entradas e saídas realizaranse en orde.
- O alumnado de E.I. será recollido por profesorado de garda no seu edificio onde se formarán filas segundo o curso,e iran entrando co/coa seu respectivo titor/a. Os/as alumnos/as de Primaria entrarán pola porta do patio cuberto. Para que a entrada se faga de xeito ordenado o alumnado colocarse en filas segundo os respectivos cursos no patio cuberto. Cando soe a MÚSICA cada titor/a ou mestre/a especialista recollerá fóra ao seu grupo de alumnos/as por orden crecente de cursos e subirán as

aulas pola escaleira correspondente segundo a P.X.A cumprindo as normas de convivencia.

- Ao entrar os/as alumnos/as dirixiranse directamente a súa aula respectiva acompañados do seu titor/a ou mestre/a especialista. Os mestres/as de garda encargaranse de controlar que o alumnado chegue ao recinto escolar sen problemas, supervisalo desde a súa chegada ata que soe a música de entrada e o seu titor ou mestre especialista se faga cargo del.
- Á hora do recreo todos os/as alumnos/as baixarán ao patio. Ningún alumno/a poderá acceder ou permanecer no edificio durante este tempo, salvo para facer uso da Biblioteca ou realizar algunha actividade educativa na aula e sempre con presenza dunha persoa responsable (mestre/a).
- O alumnado durante o recreo esperará a que chegue o mestre/a de garda para acceder a biblioteca.
- Ningún alumno/a poderá ser castigado na Biblioteca nin no recuncho da xoaniña. O uso da mesma nos recreos por parte dos nenos e nenas é voluntario, non pode ser imposto. Se algún neno ou nena é castigado na hora do recreo será o mestre/a que impoña o castigo o que se responsabilice do rapaz/a non podendo permanecer nos corredores.
- Os xogos realizaranse nas zonas adecuadas para iso. Co fin de que todo o alumnado poida gozar das instalacións deportivas establecerase o calendario de uso na P.X.A.
- Na hora do recreo aos baños accederase polo exterior. Non son un espazo de xogo e só poderá accederse para facer uso deles.
- O programa de alimentación saudable é para todos os nenos e nenas. O consumo dos alimentos pertinentes realizarase nas aulas repectivas no centro escolar (antes da hora do recreo) e será o centro o que se encargue da súa compra e distribución. Aquel alumnado que por mor dalgunha alerxia ou outra causa xustificada non poida comer o que proporciona o centro, este intentará dar un alimento alternativo.
- Os corredores non son un espazo para castigar. Durante as horas de clase están prohibidas as permanencias do alumnado sen presenza dun adulto no patio de recreo ou nos corredores agás para realizar actividades propostas polo profesorado que requiran ser feitas nestes espazos.
- A aula debe presentar sempre un aspecto coidado, limpo e ordenado xa que isto favorece a creación dun ambiente agradable para o traballo e a convivencia.
- Todos os/as alumnos/as deben respectar aos seus compañeiros, realizar ordenadamente o seu traballo, atender ás explicacións do/a mestre/a e cumprir as normas establecidas na aula.

- Cada alumno/a responsabilizárase do coidado do seu material e equipo persoal, manténdoo sempre en orde e deixándoo recollido cando abandone a aula.
- As instalacións, moblaxe e útiles do colexio merecen o respecto e coidado de cantos o utilizan. Velar pola súa conservación, limpeza e embelecemento é tarefa de todos.
- Non estará permitido o uso do teléfono móbil, consola, dvds portátiles e cámara de fotos nas actividades do centro (lectivas, complementarias e extraescolares). Así mesmo tampouco se permitirá o uso de xoguetes que inciten a xogos violentos. Os aparellos requisados permanecerán en dirección até que veñan os pais a recollelos. Ex. Unha pistola de xoguete.

7.2.- Conduas contrarias ás normas de convivencia e condutas gravemente prexudiciais as normas de convivencia.

O grao de gravidade do incumprimento das normas de convivencia do centro valorarase en cada momento tendo en conta a situación e as condicións persoais do/a alumno/a: nenos e nenas sen pautas e normas familiares, con problemas de conducta, hiperactivos...

Para a gradación das medidas reparadoras.

1.-Consideraranse circunstancias atenuantes:

- Recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta
- Desculparse polo acto realizado
- A falta de intencionalidade

2.-Consideraranse circunstancias agravantes:

- premeditación e a reiteración

7.3.-Normas de aula.

Serán realizadas a primeira semana do curso en sesións de tutoría, en cada aula, a partir das normas do centro. Estarán colgadas en cada clase e serán elaboradas e consensuadas por todos os alumnose alumnas.

8.- A AULA DE CONVIVENCIA (AC)

As aulas de convivencia pretenden ser un elemento útil na tarefa formativa. O obxectivo é ofrecer un espazo e un tempo para a reeducación das condutas do alumno contrarias as normas de convivencia da aula-centro. É dicir, pretende favorecer a reflexión dos alumnos/as sobre os seus comportamentos garantir as actividades formativas pertinentes en cada caso, que aseguren ou tendan a mellorar ditos comportamentos. A aula de

convivencia debe convertirse nunha alternativa á expulsión da aula-centro para o alumnado.

8.1.- Funcións da aula de convivencia (AC)

- Espazo de reflexión: posibilitar que os alumnos/as aprendan e se responsabilicen das súas propias accións, pensamentos e sentimentos.
- Espazo formativo: que contribúa a formar actitudes cooperativas, empáticas, solidarias e de respecto hacia os demais.
- Espazo de mediación: que permita ao alumnado e profesorado atopar un espazo neutral onde se podan analizar e resolver os conflitos de maneira pacífica e diálogante.
- Espazo correctivo: que permita, a través da reflexión, que o alumnado adquira compromisos concretos que melloren o conflito.
- Espazo pacífico: que permita ao estudante que o necesite recuperar o autocontrol das súas emocións e autoestima.
- Espazo educativo: que mellore a vida persoal e académica do alumnado por medio de actividades educativas.

8.2.- Obxectivos

- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria as normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta sobre todo ao desenvolvemento das clases.
- Posibilitar o que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.
- Contribuir a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- Posibilitar que o alumno/a se sinta competente emocionalmente e na realización de certas tarefas.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol.
- Axudarlle a adquirir unha boa disposición hacia as tarefas escolares.
- Resolver os conflitos de maneira pacífica dende o diálogo e a reflexión.
- Compensar as deficiencias que impiden a algúns alumnos/as a súa integración escolar.
- Educar para a vida, potenciando as relacións interpersonais de cada alumno/a, e dicir, para a súa integración satisfactoria na comunidade.
- Mellorar a vida académica e persoal do alumnado.

8.3.- Criterios posibles de derivación á AC

A estancia dun alumno/a na aula AC é un paso máis dun proceso de reeducación que debe iniciarse na aula ordinaria (co su titor) e debe finalizar tamén na aula ordinaria.

- Comportamento disruptivo que altera o normal desenvolvemento do grupo clase, impedindo que o resto dos compañeiros o aproveiten. Este comportamento pode darse co titor ou con todo o equipo docente.
- Incumprimento das normas básicas de convivencia do centro de forma reiterada e despois de esgotar outras medidas recollidas no plano de convivencia (ter algún parte de incidencias recollido pola dirección do centro).
- Reincidencia: alumnado que pasaron pola aula de convivencia e non variaron o comportamento ou alumnado que xa se traballaou con el algunha corrección da súa conduta e reincida no seu comportamento.
- Participación nalgún conflito de convivencia con outro/s compañeiro/s e considerar prexudicial aplicar medidas máis extraordinarias de corrección de conduta.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou todas por un período de tres días ata un mes como máximo. No tempo que dure a suspensión, o/a alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo combinándoos cos obxectivos da aula de convivencia establecidos no plano de convivencia. (falta grave)
- Se o alumno/a ao cal se lle abriu un expediente disciplinario solicitando cambio de centro, volve a el despois da súa resolución, terá que pasar de forma transitoria pola aula de convivencia. (falta grave)
- Se chega ao centro un alumno/a expulsado doutro terá que pasar transitoriamente pola aula de convivencia.

A decisión de derivar un alumno/a ou alumnos/as á aula de convivencia, e da dirección e /ou a xefatura de estudos. Garantizarase que a aula de convivencia non se converta nun caixón desastre onde ten cabida aquel alumnado molesto para a clase e o profesor, sen intentar esgotar todas as medidas posibles antes de presentar a solicitude para acudir a AC.

A derivación á aula de convivencia non substitue a adopción doutras medidas correctoras. É dicir, trátase dun espazo que debe transcender a idea de mera sanción disciplinaria, para converterse nunha especie de laboratorio onde o alumnado concorrente non só experimenta os cambios, senón que os interpreta e visualiza no desenvolvemento da súa vida cotiá.

A aula de convivencia non é un mecanismo universal de sanción. As faltas tipicadas NOFC sancionaranse ordinariamente seguindo dito NOFC. A aula de convivencia queda exclusivamente para as condutas disruptivas reiteradas que non se conseguiron educar por outros medios.

8.4.- Protocolo de derivación

Se un alumno/a cumpre con algún dos criterios de derivación a AC , o procedemento a seguir será o seguinte:

- O profesor/a encherá unha solicitude na que remite ao alumno/a ao aula de convivencia. Esta solicitude é remitida á dirección ou xefatura de estudos expoñendo as razóns polas que o alumno/a debería ser derivado a AC. Farase un rexistro de todas as solicitudes.
- O director/a ou xefe/a de estudos verificará que se cumpran as condicións previstas para a derivación á aula de convivencia.
- A dirección e xefatura de estudos establecerán o tempo e horario no cal debe asistir o alumno/a en cuestión, á aula AC.
- O DO terá unha programación de actividades a realizar sobre distintas temáticas (dependendo a falta pola que foi derivado a AC) para realizar o tempo que permaneza na AC.
- A xefatura de estudos ou dirección informará á persoa responsable nesa franxa horaria da AC do incidente, de quen é o implicado/a, e o tempo que permanecerá na aula.
- Nunca se enviará a un alumno só, nin sin a folla de derivación debidamente cumprimentada á aula de convivencia. Non se poderá expulsar a ningún alumno/a ao pasillo nin a dirección sen ter cumprimentada a solicitude ou algún parte de incidencias.
- O director/a comunicará á familia por teléfono, por escrito ou entrevista persoal (dependendo do número de horas de permanencia da AC), a resolución da medida indicando o motivo, os obxectivos, o número de horas que debe asistir ao aula de convivencia.
- Os responsables da aula de convivencia, que coincidan cuns determinados alumnos/as, deberán coordinarse entre si para asegurar a atención do alumnado con criterios consensuados.
- Ao finalizar o tempo de estancia na aula de convivencia, o alumnado implicado adquirirá un compromiso personal coa persoa responsable da aula.

8.5.- Participantes no programa

- Todo o profesorado do centro
- Orientadora do centro
- Equipo Directivo

8.6.- Duración da sanción

Cando se utiliza a aula de convivencia como medida reparadora dunha falta leve (para faltas graves queda recollido no NOFC) o tempo que poderá o alumno/a permanecer na aula de convivencia, dependendo da falta, será de ata 5 períodos lectivos (incluída a sesión onde se produce a derivación). Se coincide que se envía ao alumno/a a aula de convivencia nas últimas horas da mañá e, fora necesario que estivera os 5 períodos lectivos, continuaría ao día seguinte.

8.7.- Número máximo de veces que o alumnado pode ser derivado a AC.

O número máximo de veces que un alumno/ a pode ser derivado á aula son de 3 nun mes.

8.8.- Número de alumnos/as

O número de alumnos/as que poderá permanecer nunha sesión simultaneamente será de 3.

8.9.- Horario de funcionamento da aula de convivencia

O horario de funcionamento da aula é durante toda a xornada escolar. De 9:00h a 14:00h (25 horas á semana), durante todo o curso escolar.

8.10.- Profesorado que vai atender a AC.

Todo o profesorado do centro atenderá a AC nas horas que teñen asignadas no cadro de gardas. Desde xefatura levarase un control das horas que cada mestre/a adica a AC.

8.11.- Funcionamento da aula de convivencia

1.- O alumno/ é enviado Dirección ou xefatura de estudos co correspondente informe do mestre/a (*solicitud de derivación da aula de convivencia*), quedando a parte inferior para cubrir polo mestre/a que nesa hora está na Aula de Convivencia, indicando as observacións pertinentes (tipo de material que traballou, actitude que mostrou...)

2.- Recóllense os datos anteriores na folla resumen (Registro de control de asistencia do alumnado) que estará colocada no taboleiro da AC.

3.- Entregase ao alumno/a a “Ficha de auto-reflexión I” explicandolle o sentido de esta e aclarando as cuestións que inclúe. Esta ficha será realizada polo alumno/a axudado polo mestre/a da aula de convivencia (que estea de garda) con quen analizará e modelará as reflexións que fai o rapaz/a.

4.- Unha vez completada a ficha, e dependendo do nº de sesións que teña que permanecer na AC o rapaz, o paso seguinte sería cuprimentar o “Compromiso I” (hai dous modelos segundo sexa dano moral ou material).

5.- Baseándonos na *solicitud de derivación da aula de convivencia e na ficha de autorreflexión*, se fora necesario o DO dará instrucións de como continuar o traballo co rapaz/a, e se traballará algún cuestionario sobre inteloxencia emocional “Material para coñecer e mellorar os sentimentos”

6.- Unha vez que o rapaz abandona a AC o último mestre/a que estea con el arquivará o traballo nunha carpeta reservada para elo e anotará na parte final da folla de derivación o traballo que se fixo co alumno/a. É importante rexistralo para que de repetirse a derivación dese alumno/a a AC se saiba o que se traballou e o que fixo a última vez.

7.-Se o alumno/a volve a aula de convivencia por 2º vez cumprimentará a ficha de “autorreflexión II” e un novo compromiso.

8.- Poderá pasar una 3ª vez pola aula de convivencia nun mesmo mes, nesta ocasión cubrirá o 3º compromiso e traballará alguna ficha do “Material para coñecer e mellorar os sentimentos” dependendo da falta cometida.

8.12.- Funcións dos distintas persoas que interveñen no proceso.

O profesor que solicite a derivación:

- Cubrir a solicitude de derivación ao aula de convivencia.
- Entregar a solicitude ao director/a ou xefe/a de estudos que decidirá se é posible a derivación do/a alumno/a vai a AC

O alumno/a que se derive deberá:

- Cumprimentar a ficha de autorreflexión e o compromiso de reparación da falta.
- Realizará actividades do “Material para coñecer e mellorar os sentimentos”
- Ao terminar o tempo que ten que permanecer na aula incorporárase a súa clase con normalidade
- No caso de que o alumno/a se derive ao AC por segunda e terceira vez terá que cumprimentar unha ficha de reflexión II e novos compromisos.

O mestre/a da aula de convivencia deberá:

- Arquivar o informe de derivación e rexistralo
- Cumprimentar os datos da folla resumen
- Intentar reflexionar co alumnado sobre o motivo polo que está alí .
- Explicar ao alumno/a a ficha de reflexión e axudarlle a enchela
- Desenvolver algunha actividade do “Material para coñecer e mellorar os sentimentos” de ser necesario.

Dirección ou Xefatura de estudos:

- Encargarase de recoller ao alumno/a e a solicitude de derivación e decidirá se se realiza a derivación á AC. Avisarase ao pais vía telefónica no momento e se é necesario por escrito ou se lles citará para ter unha entrevista persoal con eles.

AVALIACIÓN

Trimestralmente, coincidendo coas sesións de avaliación , os mestres/as avaliarán á Aula de Convivencia para intentar mellorar e introducir posibles modificacións. O profesorado cubrirá un cuestionario sobre o funcionamento da AC.

9.- METODOLOXÍA DE TRABALLO.

O conxunto de procedimento que imos utilizar para levar de forma exitosa a convivencia método de traballo consistirá na realización de propostas deseñadas desde os distintos equipos de dinamización do colexio, mais tamén se incluírán as suxestións puntuais provenientes do profesorado, da ANPA, do Concello, das asociacións veciñais que se consideren oportunas para un mellor desenvolvemento do proxecto ou o complemento das programacións de aula.

As actividades desenvolveranse ao longo dos cursos académicos e estarán programadas na PXA. A coordinación xeral levarana a cabo o equipo directivo e o equipo de coordinadores de equipos, que se reunirán unha vez á semana e se encargará de que se desenvolva o proxecto segundo se programou.

Segundo a PXA os equipos de dinamización reúnense cunha frecuencia dúas veces ao mes como mínimo (todo o profesorado está incluído en algúns destes equipos). Cada equipo encargarase da planificación e avaliación de cada unha das actividades que ten asignadas neste proxecto.

Estas actividades publicaranse na páxina web do colexio para coñecemento de toda a comunidade educativa.

Ao longo do curso realizaranse **obradoiros , charlas e conferencias** destinadas ao alumnado, profesorado ou pais en colaboración coas distintas entidades ou persoas relacionadas coa temática do proxecto.

Das actividades máis salientables darase información aos **medios de comunicación** cara a unha maior divulgación entre as familias e comunidade educativa en xeral

10.- PLAN DE AVALIACIÓN

O proxecto da continuación ao realizado nos últimos cursos académicos. Presentámolo a principio de curso facendo as modificacións pertinentes dependendo da avaliación final do ano anterior. Unha vez se empeza a desenvolver o proxecto imos

realizando unha **avaliación continua** que nos proporcionará información suficiente para saber que axustes temos que ir facendo co paso do tempo. No mes de xuño de cada un dos curso reuniranse os equipos de dinamización para avaliar o proxecto atendendo aos seguintes parámetros:

- Acollida por parte do alumnado, profesorado e familias.
- Implicación e traballo do alumnado, profesorado e familias.
- Logros obtidos

Unha vez reunidos os equipos pasarán as súas conclusións a C.C.P. que levará a cabo un informe (avaliación final) que presentará ao claustro. No claustro faranse propostas de cara ao curso seguinte.

Instrumentos de avaliación:

- Cuestionario para o alumnado, profesorado e familias onde se recollerán as opinións sobre os traballos realizado.
- Nivel de satisfacción por parte do profesorado, alumnado e familias.

11.- PROTOCOLO E PROCEDEMENTOS DE IDENTIFICACIÓN DE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR:

- Co alumnado presuntamente acosado
- Coas persoas que observan pasiva ou activamente.
- Coas familias de quen sofre a situación
- Coa persoa presunta agresora

11.1.- Protocolo de actuación unha vez detectado o acoso

Aínda que este plan de convivencia está enfocado a prevención e mellora da convivencia escolar, cómpre establecer protocolos comúns de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas.

É imprescindible diferenciar outro tipo de manifestacións violentas dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- evidente intención de facer dano
- conductas agresivas reiteradas
- desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos que haberá que seguir serán os seguintes:

1. A dirección do centro redactará un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa.
2. O centro informará da situación á Inspección Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.
3. Convén estar en contacto cos distintos servizos e institucións para realizar actuacións coordinadas.
4. A dirección de centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións.
5. O expediente seguirá o curso establecido no Real Decreto 732/1995, do 5 de maio de 1995, dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia (Capítulo III). En todo caso, de intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.
6. O centro educativo arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que as repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global con toda a comunidade educativa.

É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación, servizos sociais, Fiscalía de menores, ONG, asociacións (veciñais, culturais, etc)

7. Estas actuacións deben ser coñecidas polo Concello Escolar, que valorará a súa eficiencia.

SOLICITUDE DE DERIVACIÓN Á AULA DE CONVIVENCIA

DATOS DO ALUMNO/A

Nome e apelidos:	Grupo:
------------------	--------

DATOS DO MESTRE/A QUE O ENVIA:

Nome e apelidos:		
Área:	Data:	Hora:

ANTECEDENTES:

Conduta disruptiva habitual que presenta o alumno/a:	
Medidas tomadas con anterioridade	
Charla individual co alumno/a <input type="checkbox"/> Data:	
Comunicación coa familias: Telefónica <input type="checkbox"/> Persoal <input type="checkbox"/> Data:	
Amonestación previa: Non <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Tipo:	
	Data:
Outras medidas reparadoras:	
	Data:

MOTIVOS POLOS QUE SE ENVIA AO ALUMNO/A Á AULA DE CONVIVENCIA:

Data:	Hora:
Descrición da conducta:	

A CUBRIR POLO DIRECTOR/A OU XEFE/A DE ESTUDOS:

Período de permanencia na aula de convivencia:	Data/hora:	Data/hora:	Data/hora:
--	------------	------------	------------

Ferrol a ___ de _____ de 201

Para encher polo mestre/as de garda da aula de convivencia

TAREFAS PARA REALIZAR:		
PRIMEIRO CUESTIONARIO DE AUTO-REFLEXIÓN	SEGUNDO CUESTIONARIO DE AUTO-REFLEXIÓN	TERCER CUESTIONARIO DE AUTO-REFLEXIÓN

Asd. Director/a ou xefe/a de estudos

Nome:.....

Ado: Mestre/a responsable do rapaz/a

Nome:.....



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CEIP

SAN XOAN DE FILGUEIRA
R/Campo de Chao

S/n/15405 FERROL
Tlf/Fax 981320853
ceip.xoan.filgueira@edu.xunta.es

COMUNICACIÓN AOS PAIS

Estimados pais do alumno/a.....

Conforme o artigo..... das Normas de Organización e funcionamento do noso centro, comunícolles que o seu fillo foi derivado á Aula de Convivencia durantesesións para realizar unha serie de actividades que lle axuden a reflexionar sobre a súa conduta, aprender a responsabilizarse das súas propias accións e a adquirir compromisos concretos que melloren a seu comportamento na escola.

Infórmolles que deben pasar polo centro o día _____ ás _____ horas para aclararlles todo o referente a conduta do seu fillo.

Ferrol a _____ de _____ de 201__

Asd. O/A Director/a ou Xefa/e de estudos

Recibi a notificación:

O pai/nai alumno/a

AULA DE CONVIVENCIA

REXISTRO DE CONTROL DE ASISTENCIA DO ALUMNADO

Día da semana: _____ de _____ do 201__

Sesión	Alumno/a	GRUPO	Profesor que o envia	MOTIVOS	Profesor de garda	Horas de permanencia na aula
1ª						
2ª						
3ª						
4ª						
5ª						
6ª						

FICHA DE AUTO-REFLEXIÓN I

Nome e apelidos:

Grupo:

Data: _____

Mestre/a/s da aula de convivencia: _____

As emocións e estados de ánimo forman parte do noso día a día. Non podemos nin debemos evitalas, xa que constitúen respostas que damos ante os distintos acontecementos que nos suceden. Pero as emocións manifestadas de xeito incontrolado, súbito e desproporcionado poden apropiarse da nosa capacidade de raciocinio, impedíndonos actuar de forma axeitada, polo que poden orixinar moitos conflitos que desexamos evitar.

1.- ¿Cal creo que foi o motivo (causas) que desencadenou esta situación?

2.- ¿Cal foi a miña reacción?

3.- ¿Como actuaron as outras partes implicadas (compañeiros, mestre, etc)?

4.- Reflexiono e recoñezo a miña parte de intervención no conflito

5.- ¿Que consecuencias tivo a miña actuación?

6.- ¿Como me sinto? ¿Por que?

7.- ¿Como creo que se sente o mestre/a e os meus compañeiros/as?

8.- ¿Que faría eu se fora o mestre/a e algún neno/a se portara así comigo?

9.- ¿Que podo facer para resolver esta situación para que non se volva a repetir?

10.- A partir de agora ¿cal pode ser a mellor maneira de actuar?

Esta ficha será realizada polo alumno/a axudado polo mestre/a da aula de convivencia con quen analizará e modelará as reflexións que fai o rapaz/a.

Unha vez realizada a ficha o rapaz/a terá que cumprimentar a ficha nº2 da aula de convivencia que corresponde ao “compromiso do alumno/a 1”.

VALORACIÓN DA ACTIVIDADE POR PARTE DO MESTRE/A RESPONSABLE DA AULA DE CONVIVENCIA

COMPROMISO ALUMNO/A I (dano moral)

Eu _____ comprométome a raparar o dano causado a _____ (persoas afectadas) pola falta de respecto a súa persoa _____ (insultándolle, mentíndoe, impedindo o desenvolvemento da clase, gritándolle.....)

Para elo vou realizar as seguintes actividades (sinalar):

- Pedir disculpas
- Observar os aspectos positivos da persoa e dicirlos: _____

- Intentar non interromper nin facer o gracioso cando o mestre/a está explicando.
- escoitar sempre ao que te din e non contestar de forma impulsiva faltando ao respecto.
- Outras (indicar cales)

Co compromiso de que non se volva a repetir

Ferrol a _____ de _____ de 2013

Asd. O alumno/a

Mestre/a responsable da aula de convivencia

Eu _____ comprométome a raparar o dano causado ao material _____ (persoas, común o do Centro)

Para elo vou realizar as seguintes actividades (sinalar):

- Pedir disculpas
- Arranxalo, reparalo, mercar outro....
- Outras (indica cales)

Co compromiso de que non se volva a repetir

Ferrol a _____ de _____ de 2013

Asd. O alumno/a

Mestre/a responsable da aula de convivencia

FICHA DE AUTORREFLEXIÓN 2

Nome e apelidos:	Grupo:
------------------	--------

Data: _____

Mestre/a/s da aula de convivencia: _____

Unha vez lida a ficha que cumprimentaste a última vez contesta con atención ás seguintes preguntas:

Escribe o teu compromiso da primeira ficha.

De todo o plantexado:

Que saíu mal?

Por que pensas que foi así?

Que podes facer para que as cousas saian mellor?

NOVO COMPROMISO.

Para mellorar a miña actuación persoal comprométome a:

3º COMPROMISO ALUMNO/A

A primeira e segunda vez que pasaches pola “Aula de Convivencia” comprometicheste a:

1.- Cres que cumpriches os teus compromisos?

2.- Por que o rompiches? (Sinal a resposta correcta)

- a) Por olvido
- b) Por culpa doutras persoas Que pasou para que digas iso?
- c) Outras razóns. Cales?

3.- Como te sintes despois de romper os compromisos? Tes que ter en conta que a próxima vez terás outro tipo de corrección que xa non será a “Aula de Convivencia”.

4.- Que estás disposto a facer para que non volva a suceder?

Agora vas facer un novo compromiso coa intención de que sexa respectado sempre. Unha persoa pode faltar a súa palabra e contradicir un acordo unha vez, pero non continuamente, máis aínda se temos en conta que o primeiro beneficiado es ti. A próxima ocasión non poderemos axudarte nesta Aula, posto que isto non serve para corrixir a túa conduta e a Dirección do Centro terá que imponerte unha doutro tipo.

Coa intención de avaliar os resultados da Aula de Convivencia e para facer as correccións oportunas, pedímoste que cumprimentes este cuestionario.

1.- En caso de que enviaras a algún alumno/ a aula de convivencia, notaches algunha melloría na súa actitude?

- En ningún caso
- Só nalgúns casos
- En bastantes casos
- En todos os casos
- Outros.....

2.- Cando mandas a algún alumno/a á aula, o grupo, en xeral reacciona:

- Non reaccionan
- Corrixen en algunha medida as súas actitudes negativas.
- Non o toman en serio
- Agradecen verse libres dun alumno/a molesto
- Outros:.....

3.- Se non enviaches a ninguén á AC foi porque:

- Non atopei motivos específicos para elo
- Decidín resolver o problema na propia aula
- Hai que perder tempo enchendo a ficha de solicitude
- Non creo que serva para algo.
- Outros.....

4.- Creo que a eficacia da aula radica en que:

- Liberate de alumnos/as molestos nun momento determinado
- Axuda a reflexionar a algúns alumnos/as
- Motiva a reacción dalgúns pais/nais
- Ao menos de momento, serve de aviso aos demais
- Outros.....

5.- Que farías para melloras a AC? _____

6.-Se es titor, que porcentaxe de respostas recibiches dos pais á notificación que enviamos?